

Concello de Ponteareas

Expediente: 2206/2024

Procedemento: Licitación do servizo para a execución do programa “aula matinal e tardía” do Concello de Ponteareas.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Atendendo a memoria xustificativa emitida polo órgano de contratación o 7 de maio de 2024 para a contratación do servizo RELATIVO Á EXECUCIÓN DO PROGRAMA “AULA MATINAL E TARDÍA” DO CONCELLO DE PONTEAREAS, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO.

En vista das características do contrato:

| Contratación do servizo para a execución do PROGRAMA “AULA MATINAL E TARDÍA” DO CONCELLO DE PONTEAREAS. | | |
|---|----------------------------|---|
| Procedemento: Aberto | Tramitación: Ordinaria | Tipo de contrato: Servizos |
| Clasificación CPV: 80410000-1 Servicios escolares diversos | Acepta renovación: Non | Revisión de prezos / fórmula: Non |
| Orzamento base de licitación: 57.237,40 € | Impostos: exento | Total: 57.237,40 € |
| Valor estimado do contrato: | 171.712,20 euros. | |
| Duración inicial da execución: 1 ano | | Prórrogas: dúas de un ano cada unha |
| Garantía provisional: Non | Garantía definitiva: Si | Garantía complementaria: Non |

Visto informe favorable de Secretaría de data 23 de maio de 2024.

Visto informe favorable de fiscalización de intervención de data 24 de maio de 2024.

Visto que redactouse e incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e, en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO:**



Concello de Ponteareas

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para a execución do PROGRAMA “AULA MATINAL E TARDÍA” DO CONCELLO DE PONTEAREAS, convocando a súa licitación.

SEGUNDO: Aprobar o gasto que corresponden asumir ao Concello por importe de 37.800 euros, do que 17.400€ están retidos na partida do orzamento 32000-2269973, sendo suficiente para cubrir o custo correspondente á anualidade 2024, debéndose asumir o compromiso de dotar no orzamento dos exercicio 2025 as contías debidas.

TERCEIRO: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público e no perfil do contratante, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil do contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO: Continuar cos trámites para adxudicación do contrato.

A alcaldesa

María Nava Castro Domínguez

(documento asinado dixitalmente)

